



CONCLUSIÓNS RELATORIO DE GALEGUIDADE

Esta Galicia que hoxe luce actual e moderna é froito do traballo constante dun pobo orgulloso que non esquece as súas raíces e tampouco esquece os fillos e fillas da diáspora espallados polo mundo.

Fillos e fillas avantaxados que souperon levar o bo nome da nosa terra, convivir con outras culturas, aprender outros idiomas e, en definitiva, dotar a Galicia dun valor engadido.

Por este motivo, se a memoria do pobo galego escribiuse en gran medida co esforzo e traballo da diáspora, o futuro contará tamén coa súa presenza. Non en balde, se Galicia é hoxe terra de oportunidades, é polo sacrificio dos residentes no territorio, si, pero tamén de quen sementou galeguidade en todo o mundo ou contribuíu sen pedir nada a cambio, ata converter Galicia nunha terra chea de atractivos.

Polo tanto, reforzar e mellorar eses vínculos, integrar os mozos e mozas sen excluír a quen os precede -porque é a necesaria mestura maxistral para transmitir cultura e valores (o inmaterial)-, seguir tendendo conexións e puntos de encontro entre entidades e administración, potenciar a prestación e os servizos aos galegos do exterior, preservar o patrimonio de todo tipo e facilitar as posibilidades de retorno, antóllanse retos imprescindibles para o futuro da galeguidade.

Como resultado do traballo realizado no Relatorio de Galeguidade, logo de analizar e debater as comunicacións recibidas, acordamos o seguinte:



XIII PLENO DO CONSELLO DE **COMUNIDADES GALEGAS**

Ourense, 22 e 23 de setembro de 2023



XUNTA
DE GALICIA

- *Potenciar mediante apoios concretos as unións permanentes entre as entidades galegas como unha forma de reforzar o presente e abordar o futuro da galeguidade.*
- *Ponderar positivamente nas axudas económicas as actividades que sexan desenvolvidas por unións transitorias de entidades ou agrupacións destas.*
- *Deseño e implementación de novos programas (intercambio, acollida, pasantías, xuventude e deporte) que tendan a seguir achegando a galegos e galegas de todo o mundo á realidade social da Galicia actual e á xestión das Entidades Galegas.*
- *Estudar a viabilidade de realizar competicións deportivas onde puideran competir equipos das entidades galegas*
- *Logo de 10 anos de vixencia da Lei de Galeguidade (7/2013), abrir un período de reflexión sobre os requirimentos exixibles á hora de integrar cada unha das categorías que componen o rexistro de Entidades Galegas.*
- *Flexibilizar os requisitos de idade para participar nos programas que se considere fora necesario para acompañar a evolución da realidade social da Galicia Exterior e solicitar ás entidades galegas que realicen unha actualización dos seus padróns de socios para establecer con certeza o número de socios e as porcentaxes destes de orixe galega*
- *No marco da reflexión sobre a Lei da Galeguidade, estudar a posibilidade de que se recoñeza a condición de persoa galega as persoas cónxuxes de persoas galegas, aos efectos do cómputo para solicitar o recoñecemento como entidades galegas.*

- *Continuar co labor de concienciación sobre todos os actores implicados, para que a realidade pasada e presente da Galicia exterior estea presente no día a día da Galicia territorial, sexa no ensino, na cultura e historia, nos negocios ou no mundo do deporte e o ocio. Neste senso, que se inclúa a Historia da Emigración nos distintos niveis do sistema educativo.*
- *Dar relevancia e, de ser o caso, sinalizar os espazos ou puntos de especial importancia vinculados coa emigración galega no territorio de Galicia.*
- *Instar ás entidades galegas a realizar as actuacións que se consideren necesarias para preservar e conservar o patrimonio material e inmaterial da Galicia Exterior.*
- *Seguir aprofundando nas políticas de Retorno e a súa difusión.*